

I TROFEO CLUB OURENSE ATLETISMO

Sábado, 10 de Abril de 2.021 – Pistas Josefina Salgado

- O Club Ourense Atletismo organiza o 10 de ABRIL de 2.021 o I TROFEO CLUB OURENSE ATLETISMO de atletismo en pista ao aire libre nas Pistas de atletismo “Josefina Salgado” – Complexo Deportivo de Monterrei (Pereiro de Aguiar – Ourense).

- Horario provisional de competición:**

HORA	PROBA	CATEGORIA E SEXO		SERIES
16:15	400 M.V.	Absoluto	Homes	1
16:30	400 M.V. SALTO DE LONXITUDE SALTO DE ALTURA LANZAMENTO DE DISCO	Absoluto Sub14 a Sub18 Sub 10 Sub14 a Absoluto	Mulleres Homes Mixto Mulleres	1
16:40	50 M.	SUB10	Mulleres	1ª
16:45	50 M.	SUB10	Mulleres	2ª
16:50	50 M.	SUB10	Homes	1ª
16:55	50 M.	SUB10	Homes	2ª
17:00	50 M.	SUB 8	Mulleres	1ª
17:05	50 M.	SUB 8	Mulleres	2ª
17:10	50 M.	SUB 8	Homes	1ª
17:15	50 M.	SUB 8	Homes	2ª
17:20	60 M. SALTO LONXITUDE	SUB12 SUB 16 / Absol.	Mulleres Mulleres	1ª
17:25	60 M.	SUB12	Mulleres	2ª
17:30	60 M. SALTO DE ALTURA LANZAMENTO DE DISCO	SUB12 SUB 12 Sub14 a Absoluto	Mulleres Mixto Homes	3ª
17:35	60 M.	SUB12	Homes	1ª
17:40	60 M.	SUB12	Homes	2ª
17:45	60 M.	SUB12	Homes	3ª
17:50	80 M.	SUB14	Mulleres	1ª
17:55	80 M.	SUB14	Mulleres	2ª
18:00	80 M.	SUB14	Homes	1ª
18:05	80 M.	SUB14	Homes	2ª
18:10	100 M. SALTO DE LONXITUDE	ABSOLUTA SUB 12	Homes Mixta	1ª
18:15	100 M.	ABSOLUTA	Homes	2ª
18:20	100 M.	ABSOLUTA	Mulleres	1ª
18:25	100 M.	ABSOLUTA	Mulleres	2ª
18:30	500 M. SALTO DE ALTURA LANZAMENTO DE XAVELINA	SUB10 ABSOLUTA Sub14 a Absoluto	Mulleres Mixto Mixta	1
18:38	500 M.	SUB10	Homes	1
18:46	500 M.	SUB12	Mulleres	1
18:54	500 M.	SUB12	Homes	1
19:02	500 M.	SUB14	Mulleres	1
19:10	500 M. TRIPLE SALTO	SUB14 SUB14 E ABSOLUTO	Homes Mixto	1
19:20	1.000 M. LANZAMENTO DE PESO	SUB14 SUB14 a ABSOLUTO	Mixto Mixto	1 1
19:30	100 M.V.	ABSOLUTO	Mulleres	1
19:40	3000 M. Obst.	ABSOLUTO	Mulleres	1
19:55	3000 M.L.	ABSOLUTO	Homes	1

- Coa relación de atletas admitidos/as publicárase o horario definitivo

3. Participación

Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as con licencia federativa en vigor para a tempada actual (2021).

Os resultados publicaranse na web de atletismo.gal.

4. Inscripción

As inscricións realizaranse na intranet da RFEA ata ás 22 horas do martes 6 de abril de 2021. Comunicar as renuncias ata as 20 horas do mércores 7 de abril no enderezo electrónico ourense@atletismo.gal

Haberá unha cota de inscrición de 5€ por atleta. Os atletas do clube organizador e asociados quedan exentos da cota de inscrición.

A organización priorizará a participación dos atletas con licenza do Club Ourense Atletismo e clubs asociados do mesmo. No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme ás tempadas 2018–2019 e 2020 na proba específica. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, terán preferencia segundo a orde de inscrición. Independentemente das marcas, terán preferencia na inscrición o club organizador e os seus asociados.

En ningún caso se aceptarán inscricións fora de prazo.

Os atletas non absolutos, so poderán participar en dúas probas, excepto si son das carreiras, que só unha pode ser superior aos 200m. Nos concursos haberá 4 intentos por participante.

SALTO DE LONXITUDE: as táboas estarán a 1 e 3 m.

TRIPLO SALTO: as táboas estarán en Sub14: 6 e 7 m e en Absoluto en función das marcas.

CADENCIA SALTO DE ALTURA:

Sub10 mulleres: 0,77-0,82-0,87-0,91-0,94 e de 3 en 3 cm.

Sub12 homes e mulleres: 0,92-0,97-1,01-1,05-1,09-1,12 e de 3 en 3 cm.

Absoluta mulleres/homes: 1,06-1,10-1,14 e de 3 en 3 cm.

A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente a sanción será de 3€ por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito no correo electrónico ourense@atletismo.gal con unha antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo. Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas a F.G.A. 6€ por atleta con datos falsos.

5. Acceso dos atletas e recollida de dorsais

Os atletas poderán acceder á instalación (bancadas) dende unha hora antes da súa proba e unha vez finalizada a súa participación deberán abandonar a instalación o antes posible. O acceso á pista será soamente para o acceso á cámara de chamadas.

Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada de dorsal a folla de Declaración Responsable COVID debidamente cumprimentada e asinada.

Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma total visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

6. Acceso de delegados/as e adestradores/as

O acceso á instalación estará controlado e limitado

Por Protocolo Covid-19 a Organización acreditará a 1 Delegado/a-Responsable por Club participante e 1 adestrador por cada 9 atletas de cada Club participante.

Deberán cubrir o formulario habilitado ó efecto no sitio web www.atletismo.gal.

7. Acceso ás bancadas

Será exclusivo para participantes e delegados ou adestradores acreditados onde deberán gardar a distancia de seguridade, non estando permitido o acceso de público.

8. Protocolo Anticovid

A competición desenvolverase seguindo o Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO establecido pola F.G.A., así como as indicacións do Responsable COVID-19 da F.G.A.

9. Normativa

Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Ourense a 29 de Marzo de 2021